



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 30 DE NOVEMBRO 2019.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.

Adolfo Puch Domínguez

Árbitros

Domínguez Iglesias, Manuel

Freixeiro López, Xose Lois

Leirós Gutiérrez, Raúl

Deportistas

Merino Encinas, Jose Miguel

Outón Nieto, Pedro

Vázquez Fariña, Gustavo

Expósito Alonso, Jesús

Faro Fortes, José Luis

González Iglesias, Ángel

Maestu Almeida, Josefina

Rodríguez Pequeño, Ignacio

CLUBES

Asociación Os Sendeiros de Foz

Clube Peña Trevinca Montañeiros de Galicia

Club Montaña Ferrol

Club Montaña Xistra

Club Montañeiros Celtas

Club Peña Trevinca Barco

Club Nosas Rutiñas

Clube Montaña Ribeira Sacra

Club Azimut

PRESIDENTE / REPRESENTANTE

Roberto Marista

Carlos Garrido Costas

Xan Ramírez

X.Henrique Freixeiro

Marcos Rodríguez

José Miguel de la Cal González

José Carlos Rodríguez

Xosé Antón Vázquez

Luis Arocas Fernandez

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez

Manuel Domínguez Iglesias

José Manuel Pérez Prego

Xosé Carlos Rodríguez Pérez

Tesoureiro

Secretario Xeral e Vicepresidente

Director Técnico da F.G.M.

Vocal de Refuxios e Montañismo

- **Apertura da Asemblea.**



As 10:30 en segunda convocatoria, comeza a reunión dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvida ós asistentes.

• **Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.**

Dado que as actas anteriores foron remitidas con anterioridade, preguntase aos asistentes si se pasa a lectura das mesmas e se procede a sometelas a aprobación.

O Sr. Gustavo Vázquez expón que enviou un correo electrónico cunha serie de correccións na acta da Asemblea Ordinaria do 23 de marzo de 2019 que non se tiveron en conta hasta este momento, polo tanto se propón facer esas correccións de cara a próxima Asemblea e presentala para a súa aprobación nese acto.

A acta da Asemblea Extraordinaria do 23 de marzo de 2019 é aprobada por unanimidade dos presentes

• **Orzamentos para o ano 2020**

Toma a palabra a Sra. Josefina Maestu, explicando que como membro da Comisión Delegada non deu aprobación aos orzamentos 2020 debido a que solicitou varias veces a documentación indicada a continuación e non lle foi enviada:

- Convenio da Xunta con partidas finalistas
- Contrato subvención Muller
- Convenio Proba Marcha Nórdica Concello de A Coruña 2019

Solicita a lectura da acta da Comisión Delegada na que se recolle que solicitou varias veces a mostra dos documentos indicado anteriormente e non lle foron facilitados en ningún momento.

Explica que no convenio da Xunta se indica que os órganos federativos se comportarán con lealdade, non aproveitándose das oportunidades de negocio que como membros da Xunta Directiva poidan coñecer. Indica que isto se incumple no pago de unha factura de 1.900€ por organización do evento de Marcha Nórdica 2019, do que tiñan coñecemento o Sr. Presidente e o Vicepresidente 1º naquela data, a nome da vocal da mesma área deportiva.

O Sr. Adolfo Puch insta a Sra. Josefina Maestu a que si detectou alguna irregularidade nas contas, solicite a Xunta de Galicia unha auditoría para verificar a veracidade das mesmas.

A Sra. Josefina Maestu comenta que se deben revisar os procedementos da Ley de Transparencia así como o cumprimento das normas do convenio da Xunta de Galicia para evitar posibles perdas de subvencións.

O Sr. Evaristo Fandiño comenta aos asistentes que no orzamento enviado hai un erro no apartado de Marcha Nórdica e que xa está correxido no entregado ao principio desta Asemblea.

A Sra. Josefina Maestu interrompe para comentar que o seu voto desfavorable a estes orzamentos na Comisión Delegada foi motivado pola desinformación do Sr. Adolfo Puch respecto a quen vai organizar a actividade de Marcha Nórdica no ano 2020.

O Sr. Henrique Freixeiro explica que o motivo de rexistrar o orzamento da actividade de M. Nórdica da forma en que aparece, é que parte deste está condicionado a un ingreso por subvención, sendo o gasto real de 2000€ unicamente xa que se non se produce a subvención tampouco se producirá o gasto.

O Sr. Pedro Outón pregunta de donde van saír os ingresos superiores a un 20% respecto ao ano anterior. O Sr. Adolfo Puch indica que se trata de estimacións, pero que estes ingresos condicionan os gastos e se non se producen nas cuantías indicadas nos ingresos, fanse os axustes necesarios nos gastos.

O Sr. Pedro Outón destaca o incremento no gasto das carreiras por montaña e o custo dos refuxios. Se lle indica que os refuxios son utilizados cada vez menos debido a que a demanda de comodidades dos federados foi cambiando ao longo do tempo, demanda que os refuxios federativos non poden cubrir, pero que producen gastos de mantemento para que non se deteriores.

O Sr. Gustavo Vázquez comenta que fai 9 anos foi presentada algunha proposta de explotación dos refuxios por unha empresa privada, e que se naquel momento se atendera aquela proposta igual hoxe en día a situación sería outra. O Sr. Adolfo Puch lle comenta que é posible, pero que naquelas datas os refuxios estaban sendo utilizados frecuentemente polos federados e se compensaban os gastos non tendo sentido as propostas. Pero anima a que se alguén ten propostas ou coñece algunha alternativa a presente na próxima asemblea de Marzo.

A Sra. Josefina Maestu comenta que na Comisión Delegada se suxeriu rexeitar a subvención da muller por motivos de imposto de sociedades, cousa a que ela se negou, suxire revisar esa posición xa que non se debe rexeitar nada que supoña a promoción da muller.

O Sr. Carlos Garrido destaca que no orzamento non figura ningunha partida para o Baremo e comenta que a labor e o traballo que realizan os clubs debe ser recoñecido dalgunha forma e solicita que se engada algunha partida no orzamento.



Propónse unha votación para condicionar unha partida orzamentaria para este fin, suxeita aos resultados do exercicio 2019 a revisar na asemblea de Marzo.

Votos a favor 12, en contra 7 abstencións 3

O Sr. Gustavo Vázquez consulta cal e a orixe dos ingresos e gastos de Sendeiros. O Sr Raul Leirós explica como realiza os cálculos basándose no histórico da evolución dos sendeiros nos último 10 anos e como se aplicarían os gastos nas homologacións e revisións.

A Sra. Josefina Maestu comenta que se deberan provisionar os gastos de revisións de sendeiros aludindo a oferta presentada polo Sr. Henrique Freixeiro a Federación, comentada na reunión da Comisión Delegada, e que non foi respostada por esta. A Sra. Josefina Maestu solicita que se faga un estudo das inspeccións dos sendeiros homologados nos últimos anos que están sen realizar.

O Sr. Gustavo Vázquez propón que se recorte a cifra de ingresos a unha cifra que lle parece mais realista de 17.000€ de ingresos e 6.000€ de gastos.

Faise unha votación deste punto saíndo aprobado por unanimidade.

O Sr Carlos Garrido consulta se habrá incremento de cursos da EGAM e si se vai manter o desconto na licenza infantil, ao que o director Técnico lle confirma que habrá mais cursos e de maior calidade e o Sr. Adolfo Puch confirma o mantemento do desconto na licenza infantil.

A Sra. Katia Sanz informa de que se non se cumpre no orzamento a solicitude presentada na reunión da Xunta Directiva sobre as necesidades da EGAM vai ser imposible a realización dos cursos especificados no calendario. No orzamento aparece un recorte de 2.200€ sobre a cantidade solicitada e solicita aos assembleistas que fagan unha reforma no orzamento para que se poida facilitar a execución dos cursos. O Sr Carlos Garrido apoia a solicitude co animo de mellorar os cursos da EGAM e se propón a compra do material de docencia solicitado pola EGAM (inmovilizado) , 1000€ para cursos infantís e 600€ para asistencia a reunións.

Vótase este punto con 16 votos a favor, 0 en contra e 5 abstencións

A Sra. Josefina Maestu comenta que o importe do orzamento para seguros ten unha diferenza de 800€ que non foi aclarada nin na Comisión Delegada nin nesta asemblea.

Procédese a votación final dos orzamentos 2020 aprobados coas modificacións descritas por:
17 votos a favor, 0 en contra e 4 abstencións

- **Calendario 2020**

O Sr. Jose Manuel Prego explica que o calendario para o ano 2020 que foi elaborado en función das aportación das diferentes vocalías, a demanda dos deportistas e os compromisos coa FEDME e as administración públicas. Comenta as novidades do calendario como pode ser o campionato CESA e os cambios nas competición das categorías inferiores de escalada. Cita as diferentes actividades que figuran no calendario enviado aos assembleistas, aclarando as consultas destes.

Comenta que este ano se inicia a tecnificación de Carreiras por Montaña, datos que todavía non figuran no calendario hasta que os organizadores faciliten todas a datas.

O Sr. Henrique Freixeiro solicita que non se peche a porta a inclusión no calendario da actividade de Barrancos si é que se postula algún Club e que si neste ano non se realiza que non se elimine permanentemente do calendario para os próximos anos.

Procédese a votación para a aprobación do calendario 2020 con:
20 votos a favor, 0 en contra e 2 abstencións



- **Licenzas 2020**

O Sr. Adolfo Puch comenta a situación da licenza dentro do grupo de federacións que contratan o mesmo seguro, sendo o incremento deste de un 6% (3€) proponéndose dende a Xunta directiva 2€ adicionais para facilitar o cumprimento dos orzamentos aprobados.

O Sr Carlos Garrido comenta que en diferentes ocasións o seu Club propuxo a aportación de cuotas de Club para non subir o prezo das licenzas, opñéndose ao incremento do prezo para a financiación da Federación. O Sr. Pedro Outón apoia este comentario indicando que existen outros medios para este fin. A Sra. Josefina Maestu comenta que mentras foi membro da Xunta Directiva da Federación intentou tramitar axudas para o financiamento da Federación, pero que non lle foi facilitada a información necesaria para poder facelo.

Engádesse a licenza tipo E1 para mais de 7000m con mais coberturas.

Procédese a votación da tabla de licenzas 2020 enviada aos assembleistas, aprobada con:
11 votos a favor, 5 en contra e 4 abstencións

- **Rogos e preguntas**

O Sr Carlos Garrido comenta que non se están aplicando correctamente os termos do baremo, xa que realizadas algunhas comprobacións nos diferentes conceptos detectaron incidencias, pero que debido ao escaso tempo con que foi enviado non poideron comprobar todo nen facer a reclamación oportuna. Suxire que se envíe a tabla aos clubs para que estes inclúan os datos que serán comprobados e verificados despois, axilizando a elaboración dos resultados.

O Sr Henrique Freixeiro explica que as persoas que buscan clubs de montaña na web da federación non encontran mais que o nome do club, suxire que se engadan o resto dos datos así como o número de licencias de cada un.

O Sr. Xán Ramírez solicita que se informe da siniestrabilidade dos Clubs na Asemblea do mes de Marzo.

O SDr. Gustavo Vázquez solicita que a información obtida da aplicación Play Off sobre estadística de actividades sexa enviada aos clubs así como a información previa as asembleas con tempo suficiente para que estes poidan participar das decisións. Solicita tamén a aclaración das contas da EGAM 2018.

O Sr. Pedro Outón solicita en que a información previa a asemblea se envíe con suficiente antelación para que poida ser analizada con tempo.

A Sra. Josefina Maestu solicita a realización dos trámites necesarios para que a escalada sexa incluída como deporte escolar. Solicita que non se devolva a subvención recibida pola campaña de violencia de xénero.

Solicita que se habilite na aplicación Play Off a xeración de factura por albarán. Solicita a realización dun estudo sobre a situación das inspeccións realizadas ou non dos sendeiros homologados.

Roga a o Sr. Presidente unha discupa pública polo trato recibido na reunión da Comisión Delegada hacia a sua persoa.

A Sra. Josefina Maestu roga ao Sr. Presidente observe a posibilidade de dimitir pola xestión realizada, ou se rodee das persoas adecuadas para que exista un bo control da xestión financeira e administrativa da Federación

Dase por concluída a Asemblea Ordinaria as 14:00h

Adolfo Puch Domínguez
Presidente

Manuel Domínguez Iglesias
Secretario Xeral